

NECESITAMOS A AUGA PARA VIVIR

A auga é imprescindible para a vida das persoas, os animais e as plantas. por iso debemos coidala. Como a coidas ti?


NESTE TEMA APRENDEREMOS:

- As augas da terra: augas mariñas e augas continentais.
- Como son os ríos
- O percorrido dun río
- Outras augas
- A importancia do coidado da auga

ADEMAIS ...

APRENDEREMOS A ESTUDAR A PARTIR DUN ESQUEMA

VOCABULARIO



AS AUGAS MARIÑAS



As augas mariñas ocupan as tres cuartas partes da superficie da Terra. Están formadas polo MARES e polos OCÉANOS

Como son as augas mariñas?

Por que as augas mariñas son salgadas?



As augas mariñas son salgadas porque teñen moitos minerais disoltos. Ademais, están en continuo movemento debido ás ONDAS e ás MAREAS



Por que hai ondas no mar?

ONDAS

As ondas son movementos da auga do mar producidos polo vento.



Por que existen as mareas?

MAREAS

As mareas son subidas e baixadas do nivel do mar que se orixinan pola forza de atracción que a Lúa exerce sobre a superficie terrestre.

A vida mariña

Noas mares e nos océanos viven moitos seres vivos. Hai animais moi variados como peixes, moluscos corais e baleas. No fondo mariño crecen algas e plantas, como a posidonia.

Como aproveitamos o mar?



As persoas empregamos as augas mariñas para moitas actividades, por exemplo:

Transporte



Ocio



Pesca



Do mar tamén obtemos sal, enerxía, petróleo ... Algúns medicamentos elabóranse con substancias mariñas.

CONTAMINACIÓN MARIÑA



Pero ao mar vertemos cada día miles de plásticos e substancias perigosas que o CONTAMINAN e dificultan a vida. Por iso, temos que protexer as augas e a súa vida.




AS AUGAS CONTINENTAIS

As augas continentais ocupan aproximadamente un 3 por cento da cantidade de auga total da Terra.

Como son as augas continentais?

As augas continentais son doces porque conteñen poucas sales minerais disoltas e son vitais para todos os seres vivos que vivimos na Terra.



OS RÍOS

Un río é unha corrente de auga doce que discorre de forma continua pola superficie da Terra ata chegar ao mar. Algúns ríos desembocan noutros ríos. Chámanse afluentes.



A vida nos ríos


Os ríos son unha fonte de vida. Nas súas augas e beiras viven animais, como a troita, a lontra ...Tamén medran plantas, como xuncos e freixos. Como as beiras son moi fértils, hai campos de cultivo.



As actividades que levamos a cabo as persoas afectan a vida dos ríos. Por iso, temos que evitar ensuciar as súas augas e beiras.



A contaminación dos ríos



Como aproveitamos os ríos?

As persoas empregamos a auga dos ríos para realizar moitas actividades, por exemplo:

Transporte

Algúns ríos son navegables e as persoas usámoslos como vías de comunicación



Encoros

Os encoros constrúense para almacenar auga. Así, podemos abastecer de auga ás persoas e regar os campos



Ocio

Nas augas dalgúns ríos podemos realizar actividades de ocio e deportes, como o piragüismo



Energía hidráulica

O percorrido dun río

O percorrido que fai un río desde o seu nacemento ata a desembocadura chámase curso. Divídese en tres partes:

Curso alto

É o percorrido do río desde o seu nacemento nas montañas ata que chega a terreos chans. Discorre por paisaxes de montaña e o seu leito é estreito e pouco profundo. Leva pouca auga e corre moi rápido porque o terreo está en pendente.



Curso medio

O río chega a paisaxes de chaira e a pendente do río descende. O río recibe auga dos afluentes, por iso o seu leito é máis longo e profundo e o seu candal aumenta. A auga discorre lentamente e o río forma curvas que se chaman meandros.



Curso baixo

Neste o último tramo, o río aproxímase á costa. O leito faise máis abundante, o caudal máis abundante e a pendente disminúe ata chegar á desembocadura, onde verte a súa auga no mar.



O percurso dun río



O terreo polo que discorre o río e os seus afluentes ao longo dos tres cursos forma a CONCA DO RÍO

O conxunto de ríos que verten as súas augas no mesmo mar, forman unha VERTENTE

Os ríos de España desembocan no Océano Atlántico, no Mar Cantábrico e no Mar Mediterráneo.

Observa o mapa de España e a súa lenda. O seu territorio está organizado en tres cores, unha para cada vertente.

RÍOS DE ESPAÑA. CONCAS E VERTENTES.



LAGOS E LAGOAS



Os lagos son extensións de auga rodeadas de terra por todas partes. Os lagos adoitan ocupar zonas afundidas do terreo que enchen se auga. Se son pequenos, chámanse lagoas.



Fórmanse polas precipitacións, pola auga doutros ríos, de augas subterráneas ou polo desxeo dos glaciares.

Atópanse en montañas, en zonas de chaira ou perto da costa.

GLACIARES


A maior parte da auga doce da Terra está en forma de xeo. Atópase nas zonas frías nos polos e nos cumes montañosos.

Os glaciares son masas de xeo enormes creados pola acumulación de neve durante centos de anos.



IMPRESIONANTES
GLACIARES

Os glaciares móvense e cando desembocan no mar, chámanse ICEBERGS.





AS AUGAS SUBTERRÁNEAS



Parte da chuvia e da neve fíltrase polo terreo e almacénase baixo a terra. Así fórmanse as augas subterráneas.


As augas subterráneas acumúlanse en acuíferos e en ríos subterráneos, que saen ao exterior a través de mananciais ou extráense mediante galerías ou pozos.



O ciclo da auga subterránea



A viaxe da auga ata as nosas casas



O ciclo da auga



COIDEMOS A AUGA DO NOSO PLANETA!!!



Escoita o que di o noso planeta sobre a contaminación da auga.



Coidemos a auga do noso planeta



Para escoitar ...



"El Danubio Azul". Johann Strauss



"Sons de auga relaxantes".



"Música acuática". George Friedich Haendel

Para ver ...



A viaxe dunha gota de auga



A auga no mundo